

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### PRESIDENCIA

*Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.*

A contaminación acústica xera unha serie de problemas de indubidable transcendencia social. Proba diso é que gran parte das denuncias suscitadas ante os órganos municipais e autonómicos competentes en materia ambiental e moitas das queixas formuladas perante o *Valedor do Pobo* e institucións análogas doutras comunidades autónomas teñen por obxecto actividades que provocan ruído e vibracións excesivas e molestas.

A transcendencia desta problemática non sempre se viu acompañada da adecuada atención por parte dos órganos do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais con potestade normativa. Ata a data, a regulación da contaminación acústica limitábase a certas previsións colaterais contidas no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961, na lexislación xeral sobre medio ambiente das comunidades autónomas e en ordenanzas municipais aprobadas por algúns municipios.

Por tal razón, considérase necesaria unha regulación específica que harmonice o dereito dos cidadáns a organizaren as súas actividades económicas, productivas e recreativas con liberdade e respecto á lei, e o que igualmente asiste a tódalas persoas para gozaren da intimidade e do descanso sen seren perturbadas e mais dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da personalidade.

Considérase necesario aborda-la regulación desta materia a través dunha norma con rango de lei, fundamentalmente por dúas razóns:

a) Dota-la Comunidade Autónoma dun marco normativo homoxéneo que poida ser desenvolvido e concretado polos municipios a través de ordenanzas municipais.

b) Salvagarda-lo principio de legalidade na tipificación de infraccións e regulación das sancións que teñan por obxecto específico as actividades xeradoras de ruído ou vibracións molestas e excesivas.

A lei consta dun título I no que se conteñen disposicións xerais referidas ó obxecto e ámbito da lei e ás competencias administrativas sobre a materia.

O título II consta dun único artigo que se remite a un anexo da lei en todo o relativo a definicións, clasificacións de ruído, niveis máximos admisibles e equipos de medición. O carácter técnico deste aspecto da lei aconsellou non recollelo no seu articulado e incluílo no seu anexo.

O título III regula o réxime xurídico das actividades susceptibles de produciren ruído e vibracións, tratando de se acomodar, no posible, á lexislación xeral de Galicia en materia de medio ambiente. Tales actividades cualifícanse como molestas e, en con-

secuencia, sométense a un procedemento de incidencia ambiental.

O título IV contén unhas normas xerais en materia de inspección, un cadro de infraccións e sancións e certas especialidades en materia de procedemento sancionador, todo isto sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa xeral sobre estas materias.

Por último, o título V regula o réxime das relacións interadministrativas, que se centra fundamentalmente no control de legalidade da actuación dos municipios no exercicio das competencias que lles atribúe a lei, de conformidade co previsto na lexislación de réxime local, e na previsión de que a Comunidade Autónoma preste asistencia, a través de convenios de colaboración con aqueles municipios que carezan dos medios técnicos ou humanos precisos para o exercicio das súas competencias.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei, a Lei de protección contra a contaminación acústica.

### Título I

#### Disposicións xerais

Artigo 1.—Obxecto da lei.

Esta lei ten por obxecto a protección das persoas contra os ruídos e as vibracións imputables a calquera causa. Os cidadáns teñen dereito a desfrutaren da súa intimidade e dun contorno adecuado para o normal desenvolvemento das súas actividades, sen seren perturbados por ruídos ou vibracións que poidan dana-la súa saúde ou ocasionarlles molestias.

As administracións públicas competentes adoptarán as medidas precisas para o cumprimento do disposto nesta lei, de oficio ou por demanda dos cidadáns.

Artigo 2.—Ámbito da lei.

1. Quedan sometidos ás prescricións establecidas nesta lei as actividades, as instalacións e os comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de produciren molestias e se atopen situados ou se exerzan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Igualmente, as prescricións establecidas nesta lei aplicaráselles a tódolos elementos constructivos constituíntes da edificación, en tanto en canto facilitan ou dificultan a transmisión dos ruídos e das vibracións producidos no seu contorno.

Artigo 3.—Competencia administrativa.

1. Correspóndelles ós concellos dictar ordenanzas sobre ruídos e vibracións.

2. Correspóndelle á Xunta de Galicia:

a) A asistencia e o control da Administración municipal, no exercicio das súas competencias e nos termos previstos no título V desta lei.

b) Dicta—los regulamentos que sexan necesarios para garanti—la aplicación homoxénea desta lei en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Dictar regulamentos de desenvolvemento desta lei que sexan aplicables naqueles concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que non teñan aprobadas ordenanzas municipais sobre ruído e vibracións.

## Título II

Réxime xurídico das actividades susceptibles de produciren ruídos e vibracións

### Capítulo I

#### Normas xerais

Artigo 4.—Regulación do ruído das actividades relacionadas cos usos productivo e terciario e co equipamento.

1. Tódalas actividades susceptibles de produciren ruídos e vibracións quedan sometidas ó disposto neste título.

2. En todo caso, a transmisión de ruídos e vibracións orixinados como consecuencia daquelas actividades deberá axustarse ós límites establecidos no título II do anexo desta lei. Os titulares das ditas actividades estarán obrigados a adopta—las medidas de insonorización das súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumpriren en cada caso as prescricións establecidas.

3. As actividades que produzan unha perturbación por ruídos ou vibracións deberán someterse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

4. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, en tódolos proxectos de obras ou instalacións industriais, comerciais e de servicios que poidan provocar ruídos ou vibracións achegarse un estudio xustificativo do cumprimento das medidas establecidas nesta lei, nos seus regulamentos de desenvolvemento e nas ordenanzas municipais sobre esta materia. O dito estudio axustarase ó disposto nos regulamentos que desenvolva esta lei.

No control do visado os colexios profesionais comprobarán que os proxectos se axusten a esta lei, á súa normativa de desenvolvemento regulamentario e ás ordenanzas municipais correspondentes.

5. A autoridade municipal non outorgará licenza de apertura das instalacións, das actividades ou dos establecementos sometidos ó disposto nesta lei se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá inicia—la actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto que non estea comprobado polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.

6. Nas licencias de apertura e nas declaracións de incidencia ambiental deberán sinalarse as medi-

das correctoras e os controis que deberán cumprí—las actividades e instalacións, indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licencias ou autorizacións.

7. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades e instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas, poderán incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control.

As comprobacións ás que se refire este artigo rexeranse polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

8. Tódalas obras, instalacións ou actividades que, de conformidade co disposto na normativa estatal básica sobre a materia e na Lei de protección ambiental de Galicia, estean sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais deberán conter un estudio acreditativo do seu impacto acústico. Na declaración que se dicte, que terá carácter vinculante, deberán impoñerse as medidas correctoras precisas.

## Capítulo II

### Tráfico

Artigo 5.—Regulación do ruído do tráfico.

1. Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrocería e os demais órganos capaces de produciren ruídos, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular co motor en marcha non exceda dos límites que establece esta lei.

2. Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos de motor en circulación serán os establecidos para as emisións de vehículos terrestres, así como para as emisións de aeronaves, na lexislación estatal vixente.

3. Nos casos nos que se afecte notoriamente a tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos de motor non poidan circular ou deban facelo de forma restrinxida en horario e velocidade. Para efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soporten un nivel de ruído, debido ó tráfico rodado, que alcance valores de nivel continuo equivalente ( $L_{pAeq}$ ) superior a 55 dB durante o período nocturno e a 65 dB no período diurno.

## Capítulo III

### Edificación

Artigo 6.—Regulación do ruído na edificación.

1. As condicións acústicas esixibles ós diversos elementos constructivos que compoñen a edificación serán as determinadas no capítulo III da Norma bási-

ca de edificación sobre condicións acústicas (NBE-CA-88).

2. Exclúense do apartado anterior os forxados constitutivos da primeira planta da edificación, cando a dita planta sexa de uso residencial e na planta baixa poidan localizarse, conforme o planeamento, usos susceptibles de produciren molestias por ruídos ou vibracións.

Nestes casos, o illamento acústico bruto a ruído aéreo esixible será de, polo menos, 55 dB(A).

3. Os aparellos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento de aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación de enerxía eléctrica e os demais servizos dos edificios serán instalados coas precaucións de localización e illamento que lles garantan un nivel de transmisión sonora ós locais e ambientes próximos que cumpra co disposto no título II do anexo desta lei.

4. Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estrutura da edificación, deberán como mínimo terse en conta as normas establecidas nos seguintes apartados:

4.1. Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

4.2. Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas ou soportes destas nas paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación de recintos, senón que se realizará interpoñendo os adecuados dispositivos antivibratorios.

4.3. As máquinas de arrinque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o solo e illadas da estrutura da edificación por medio dos adecuados antivibradores.

4.4. Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, dispoñerán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e os soportes dos conductos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conducións dotaranse de materiais antivibratorios.

4.5. Nos circuítos de auga evitarase a produción dos golpes de elevadores hidráulicos, e as seccións e a disposición das válvulas e da billame deberán ser tales que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

5. A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas neste título. Tal cumprimento poderá acreditarse mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas. Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licenza de primeira utilización.

## Capítulo IV

### Actividades varias

Artigo 7.—Regulación do ruído para actividades varias.

1. Con carácter xeral non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espaxemento.

Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, determinada polos concellos.

2. Nos traballos realizados tanto na vía pública coma na edificación non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de emisión externo (NEE) superior a 90 dB(A), medido na forma que se fixe regulamentariamente.

3. Os traballos realizados tanto na vía pública coma na edificación non poderán realizarse entre as 22 horas e as 08 horas do día seguinte se producen niveis sonoros superiores ós establecidos con carácter xeral no título II do anexo desta lei.

4. Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo Concello, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir en función das circunstancias que concorran en cada caso, sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.

5. Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma lle produza molestias á veciñanza e non sexa posible localiza-lo responsable ou titular da dita instalación, o órgano municipal competente, en cumprimento do disposto no artigo 20 desta lei, procederá a desmontar e retira-lo sistema de alarma.

6. Calquera outra actividade que implique unha perturbación por ruídos da veciñanza entenderase incurso no réxime sancionador desta lei.

## Título III

### Réxime xurídico

#### Capítulo I

#### Disposicións xerais

Artigo 8.—Remisión normativa.

Seralle aplicable a esta materia o disposto na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, así como no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1.398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

## Capítulo II

### Inspección e vixilancia

#### Artigo 9.—Inspección.

Correspóndelles ós concellos exercer—lo control do cumprimento desta lei, esixi—la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplica—las sancións correspondentes en caso de incumprimento. Cando para a realización de inspeccións sexa necesario entrar nun domicilio, será preceptiva a correspondente autorización xudicial. Nos demais supostos, os funcionarios municipais ós que lles competa a inspección das instalacións ou dos establecementos estarán facultados para acceder, se é o caso, a eles sen previo aviso e sempre que se identifiquen. A Administración local desenvolverá a súa propia inspección de cara ó correcto exercicio da súa competencia no marco desta lei e demais normas reguladoras do réxime local.

Non obstante, cando a Administración local se considere imposibilitada para o exercicio da competencia de inspección, esta poderá solicitárllle—lo auxilio en tal función á Administración autonómica ou ás empresas habilitadas ó respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 25 desta lei.

#### Artigo 10.—Denuncias.

As visitas de inspección poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou por solicitude previa de calquera interesado. As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles na lexislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para a realización da visita de inspección. Nos casos de recoñecida urxencia, cando os ruídos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente por uso abusivo, deterioración ou deficiente funcionamento das instalacións, dos aparellos ou dos equipos, a solicitude de visita de inspección poderá formularse directamente perante os servizos de inspección, tanto de palabra coma por escrito.

#### Artigo 11.—Actas de inspección.

As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións, e para tal fin as medicións relativas a ruído obxectivo realizaranse logo de citación ó responsable do foco ruidoso e as medicións relativas a ruído subxectivo poderán practicarse sen o coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste caso poida ofrecérselle ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento. En todo caso, concluídas as medicións entregaráselles ós interesados unha copia do resultado destas. As actas emitidas polos órganos competentes gozan de presunción de veracidade en canto ós feitos contidos nelas e constitúen proba suficiente para os efectos do correspondente procedemento sancionador. Tal presunción esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnan os requisitos regulamentariamente establecidos. En tales medicións, tanto

a autoridade competente coma o responsable sobre o que recaia a inspección poderán solicita—la asistencia de empresas ou entidades debidamente homologadas, de acordo co que se dispoña nos regulamentos de desenvolvemento e nas ordenanzas municipais. Os concellos establecerán nas súas ordenanzas o tipo de aparellos homologados para a realización das medicións.

## Capítulo III

### Infraccións e sancións

#### Artigo 12.—Clasificación de infraccións e sancións.

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposicións desta lei. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

#### Artigo 13.—Faltas leves.

Constitúe falta leve:

- a) A superación dos límites admitidos ata 5 dB(A).
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación.
- c) Calquera outra infracción ás normas desta lei non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.
- d) A realización das actividades non permitidas polo artigo 7.
- e) A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.

f) A non presentación dos vehículos ás inspeccións.

#### Artigo 14.—Faltas graves.

Constitúe falta grave:

- a) A superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.
- c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrución ó labor inspector. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedirles ós funcionarios competentes a entrada nos recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos nesta lei.
- e) A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses.
- f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obte—la previa autorización ou licenza.

g) A transgresión ou o incumprimento das condicións impostas na autorización ou licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.

Artigo 15.—Faltas moi graves.

Constitúe falta moi grave:

a) A superación en máis de 15 dB(A) dos valores límite admitidos.

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

c) A reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses.

d) O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

Artigo 16.—Sancións.

1. As infraccións ós preceptos desta lei sancionaranse da forma seguinte:

a) Infraccións leves, con multa desde 10.000 ata 250.000 pesetas.

b) Infraccións graves, con multa de 250.001 ata 1.500.000 pesetas, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

c) Infraccións moi graves, con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 de pesetas, clausura do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.

2. Sempre que a comisión da infracción se producise por primeira vez e a corrección da emisión do ruído que orixinou a sanción se fixese nun prazo de corenta e oito horas, reducíndoa ó nivel autorizado, a sanción impoñerase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

3. A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtua-lo resultado da inspección.

Artigo 17.—Indemnización de danos.

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, á parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumprise voluntariamente no

prazo que se lle sinala, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 pesetas cada unha. Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18.—Solución de conflitos.

Os concellos poderán crear órganos de mediación para a solución dos conflitos que deriven da contaminación acústica, nos que tamén participarán os veciños.

Artigo 19.—Prescrición.

As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos, desde a comisión do feito:

a) Seis meses, no caso de infraccións leves.

b) Dous anos, no caso de infraccións graves.

c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Artigo 20.—Medidas cautelares.

Con independencia das demais medidas que se adopten para garanti-la eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar o Concello poderá acorda-la inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumprido no prazo que para o efecto se sinala. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evita-la persistencia na actuación infractora. As ditas medidas adoptaranse logo de audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

#### Título IV Auditorías

Artigo 21.—Definición e obxectivos.

1. A auditoría sobre ruídos e vibracións é un proceso de avaliación sistemática, obxectiva, independente e periódica en materia de ruídos e vibracións nas actividades susceptibles de control.

2. Os obxectivos básicos das auditorías son o establecemento e a aplicación, por parte das empresas ou institucións, de sistemas de xestión internos para a protección contra o ruído e as vibracións, a avaliación sistemática dos resultados obtidos que permita establecer e adopta-las medidas complementarias para reduci-la incidencia ambiental e a información xeral sobre o comportamento delas en materia de ruídos e vibracións.

Artigo 22.—Concesión de axudas.

A Comunidade Autónoma de Galicia poderá concederlles axudas económicas, logo de convocatoria pública, ás empresas ou institucións para a realización das mencionadas auditorías, coa condición de que posteriormente executen as medidas correctoras recollidas nos correspondentes informes.

Título V

Relacións interadministrativas e de auxilio

Artigo 23.—Obriga de informar.

A Comunidade Autónoma e os concellos poderán mutuamente solicitarse e obter información concreta sobre a actividade da outra Administración en materia de contaminación acústica.

Artigo 24.—Exercicio de accións.

Cando a Administración autonómica considere, no ámbito das súas competencias, que nun acto ou acordo dalguna entidade local se infrinxa o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente este artigo, para que anule o mencionado acto ou acordo.

Artigo 25.—Convenios cos concellos.

No caso de que os concellos non conten cos medios técnicos ou humanos necesarios para cumpriren a función de control que esta lei lles atribúe, poderán reclama-lo auxilio da Administración autonómica, que se prestará mediante convenio suscrito entre ela e os concellos, por instancia destes. De igual xeito, poderán reclama-lo auxilio de empresas ou entidades especializadas, as cales deberán ser previamente homologadas, segundo os criterios que se fixarán no correspondente regulamento.

*Disposicións adicionais*

Primeira.—No prazo de dous anos, os concellos de Galicia deberán proceder a adapta-las súas ordenanzas en materia de rúidos ó disposto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

Segunda.—No prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, deberán aprobarse as normas regulamentarias que a desenvolvan.

Terceira.—Polas autorizacións administrativas ás que se refire esta lei serán esixibles as taxas correspondentes de conformidade coa lexislación vixente. Nas licencias de primeira utilización e primeira apertura de establecementos, a taxa considerarase incluída na taxa xeral de apertura da actividade ou primeira utilización.

Cuarta.—No caso de que o contido do disposto no anexo desta lei resulte afectado por normas estatais ou da Unión Europea, facúltase a Xunta de Galicia para dicta-las correspondentes normas de adaptación a elas.

Quinta.—No caso das infraestructuras viarias e variantes de poboación preexistentes, o prazo de adaptación ó establecido nesta lei axustarase ás previsións dos plans aprobados.

Tódolos estudos, anteproxectos ou proxectos de estradas sometidos ó procedemento de avaliación do impacto ambiental, así como os de novas estradas, deberán conter un estudio de impacto acústico. Regulamentariamente determinaranse as metodoloxías de previsión, medición e sistemas de control, en función das intensidades medias de tráfico.

Sexta.—A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, fixará regulamentariamente de xeito harmonizado e homologado os métodos de medición da contaminación ambiental nas súas diferentes categorías de fontes e rúidos.

*Disposición transitoria*

Os titulares das actividades legalmente autorizadas ou en trámite na data de entrada en vigor desta lei dispoñen dun período dun ano, a partir da súa vixencia, para faceren efectivas as medidas correctoras necesarias para o cumprimento dos niveis máximos de emisión e transmisión sonora e de vibracións, podendo prorrogarse o prazo preceptuado anteriormente por resolución do alcalde en casos debidamente xustificadas, nos que deberá sinalarse o novo prazo para a adaptación, que non será superior a seis meses.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó disposto nesta lei.

*Disposición derradeira*

Facúltase o Consello da Xunta para dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Santiago de Compostela, once de agosto de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

**ANEXO Á LEI DE PROTECCIÓN CONTRA A  
CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**

Título I

Definicións, clasificación e técnicas de medición

Capítulo I

Definicións

Artigo 1.—Niveis de emisión e de recepción.

Para os efectos desta lei, enténdese por:

1. Nivel de emisión. É o nivel de presión acústica orixinado por unha fonte sonora.

O nivel de presión acústica ( $L_{pA}$ ) en decibelios, dB(A) —submúltiplo do belio—, queda definido pola relación:

$$L_{pA} = 10 \log (P_A/P_0)^2, \text{ sendo:}$$

$P_A$ . Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme a curva de referencia normalizada (A).

$P_o$ . Presión acústica de referencia, de valor:  $2 \times 10^{-5} \text{Nw/m}^2$  (pascals). Limiar de audición para un oído san a unha frecuencia de 1.000 Hz.

O nivel continuo equivalente ( $L_{Aeq,T}$ ) é o nivel de presión acústica eficaz ponderado e promediado durante un tempo de medición.

$$L_{Aeq,T} = 10 \text{ Log } [1/T \int_0^T (P_a^2(t)/P_o^2) dt]$$

ou alternativamente mediante a ecuación:

$$L_{Aeq,T} = 10 \text{ Log } [\sum(t_i/100) 10^{0.1L_{p\delta i}}]$$

Onde:

$t_i/100$  é o valor numérico da porcentaxe de tempo da duración total do ensaio,  $T$ , correspondente ó nivel de presión acústica  $L_{pA_i}$  cos  $L_{p_i}$  dispostos en intervalos de clase inferiores ou iguais a 1 dB.

$L_{pA_i}$  son os niveis de presión acústica ponderados,  $A$ , obtidos cunha instrumentación que cumpra os requisitos esixidos ós aparellos de clase 1 na norma IEC-651, UNE-EN 60.651, utilizando a característica temporal lenta.

1.1. Nivel de emisión interno (NEI). É o nivel de presión acústica existente nun determinado local, onde funcionen unha ou máis fontes sonoras.

1.2. Nivel de emisión externo (NEE). É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes sonoras que funcionen no espazo libre exterior.

2. Nivel de recepción. É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar orixinado por unha fonte sonora que funciona nun lugar distinto.

2.1. Nivel de recepción interno (NRI). É o nivel de recepción medido no interior dun local. Á súa vez distínguense dúas situacións:

2.1.1. Nivel de recepción interno con orixe interna (NRII). É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio estremeiro.

2.1.2. Nivel de recepción interno con orixe externa (NRIE). É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espazo libre exterior.

2.2. Nivel de recepción externo (NRE). É o nivel de recepción medido nun determinado punto situado no espazo libre exterior.

## Capítulo II

### Clasificacións

#### Artigo 2.-Clasificación do ruído.

Para os efectos desta lei, os ruídos clasifícanse en:

1. Ruído continuo. É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante máis de dez minutos. Á

súa vez, dentro deste tipo de ruídos diferéncianse tres categorías:

1.1. Ruído continuo uniforme. É aquel ruído continuo cun nivel de presión acústica ( $L_{pA}$ ), utilizando a posición de resposta «lenta» do equipo de medición, que se mantén constante ou ben os límites nos que varía difiren en menos de  $\pm 3$  dB(A), en períodos de medición de dous minutos.

1.2. Ruído continuo variable. É aquel ruído cun nivel de presión acústica ( $L_{pA}$ ), utilizando a posición de resposta «lenta» do equipo de medición, que varía entre uns límites que difiren entre  $\pm 3$  e  $\pm 6$  dB(A).

1.3. Ruído continuo fluctuante. É aquel ruído cun nivel de presión acústica ( $L_{pA}$ ), utilizando a posición de resposta «lenta» do equipo de medición, que varía entre uns límites que difiren en  $\pm 6$  dB(A).

2. Ruído transitorio. É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante un período de tempo igual ou menor de cinco minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruído diferéncianse tres categorías:

2.1. Ruído transitorio periódico. É aquel ruído que se repite con maior ou menor exactitude, cunha periodicidade de frecuencia que é posible determinar.

2.2. Ruído transitorio aleatorio. É aquel ruído que se produce de forma totalmente imprevisible, polo que para a súa correcta valoración é necesaria unha análise estatística da variación temporal do nivel sonoro durante un tempo suficientemente significativo.

2.3. Ruído de fondo. É aquel ruído existente nun determinado ambiente ou recinto cun nivel de presión acústica que supera o 90% dun tempo de observación suficientemente significativo en ausencia do ruído obxecto da inspección.

Co fin de poder diferenciar e ponderar los diversos ruídos con maior precisión e racionalidade, efectúase unha segunda clasificación do ruído, tendo en conta a relación establecida entre a fonte sonora ou vibrante causante da molestia e o propietario ou manipulador da dita fonte. Deste xeito, considéranse dous tipos de ruídos que presentan características comúns:

a) Ruído obxectivo. É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona de maneira automática, autónoma ou aleatoria, sen que interveña ningunha persoa que poida variar as condicións de funcionamento da fonte.

b) Ruído subxectivo. É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante cunhas condicións de funcionamento que quedan supeditadas á vontade do manipulador ou titular da dita fonte.

Para os efectos desta lei, considérase dividido o día en dous períodos horarios, denominados: diurno, desde as 08.00 horas ata as 22.00 horas, e nocturno, entre as 22.00 horas e as 08.00 horas.

### Capítulo III

#### Técnicas de medición

##### Artigo 3.—Equipos de medición.

Os ruídos mediranse mediante sonómetros, instrumentos deseñados e construídos para responder ó son de forma similar a como reacciona o oído humano, podendo obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora.

1. O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do nivel acústico, do illamento acústico e do nivel de vibración será do tipo 1. Os ditos sonómetros deben ser integradores e analizadores con posibilidade de obtención de datos estatísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario utilizar instrumentación que cumpra a norma IEC-804, UNE-EN 60.804.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros será aplicable o establecido nas normas IEC-651-79 e UNE 60.651. O micrófono utilizado será de campo libre e estará orientado naquela dirección na que a resposta en frecuencia sexa máis uniforme.

Para asegura-la fiabilidade da medición, tódalas que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

2. Ó inicio e ó final de cada medición acústica efectuarase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollerase no informe de medición, así como a contrastación, alomenos anualmente, cun laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.

Artigo 4.—Determinación do nivel de ruído e vibración.

1. A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarse en decibelios, corrixidos conforme a rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A), definida na norma UNE-EN 60.651.

2. A posta en estación do equipo de medición realizarase de conformidade cos requisitos establecidos no regulamento da lei, de acordo coas características ambientais nas que se desenvolve o ruído obxecto da medición.

3. A característica introducida no equipo de medición (lento, rápido ou estatístico) será a establecida no regulamento da lei, en función da variación do ruído respecto do tempo (artigo 2 deste anexo).

As vibracións son unha causa de contaminación acústica producida polo inadecuado funcionamento de máquinas ou instalacións.

As vibracións mediranse con acelerómetros, ós que se lles conectará un sonómetro que realizará as funcións de análise e valoración.

4. A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo co establecido na norma ISO-2631-2, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración expresada como valor eficaz (rms) en  $m/s^2$  e corrixida mediante a aplicación das ponderacións de acordo co establecido na norma ISO-2631-1, apartado 3.5.

5. Para cuantifica-la intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes:

5.1. Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

5.2. Medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén o dito espectro.

Para o caso de variación dos resultados obtidos por un ou outro sistema considerarase o valor máis elevado.

##### Artigo 5.—Medición do illamento acústico.

A medición do illamento acústico, esixido ás distintas particións e solucións constructivas que compoñen os diversos recintos das edificacións, realizarase seguindo as prescricións establecidas na norma UNE 74-040.

## Título II

### Niveis de ruído e vibración admisibles

#### Capítulo I

##### Niveis de avaliación

Artigo 6.—Determinación dos niveis de avaliación.

1. As recepcións e as emisións determínanse mediante os niveis de avaliación.

2. Os niveis de avaliación determínanse separadamente por:

##### A) Recepción:

a) A recepción no ambiente exterior producida polo tránsito rodado (NRE).

b) A recepción no ambiente exterior producida polas actividades e pola veciñanza (NRE).

c) A recepción no ambiente interior producida polas actividades e pola veciñanza (NRII-NRIE).

d) A recepción de vibracións no ambiente interior.

##### B) Emisión:

a) A emisión de ruído das actividades no ambiente exterior (NEI-NEE).

b) A emisión de ruído dos vehículos (NEE).

c) A emisión de ruído da maquinaria (NEI-NEE).

Todos estes niveis serán medidos na forma e nas condicións sinaladas no regulamento.

Artigo 7.—Zonas de sensibilidade acústica.

1. Enténdese por zona de sensibilidade acústica aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.



2. Defínense as seguintes zonas de sensibilidade acústica:

a) Zona de alta sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.

b) Zona de moderada sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.

c) Zona de baixa sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.

d) Zona de servidume: comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras en favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen.

3. Cando os usos do solo ou a concorrencia de causas o xustifiquen, poderán establecerse outras zonas específicas.

4. Enténdese por zonas saturadas aquelas que alcanzaron os máximos niveis de ruído no exterior fixados para elas, debido a que a actividade desenvolvida provoque a concentración de fontes sonoras ou a afluencia de público.

5. As zonas de sensibilidade acústica definiránse os concellos.

Capítulo II

Valores de recepción

Artigo 8.—Valores de recepción.

1. Os valores de recepción son os niveis de avaliación máximos recomendados no ambiente exterior ou no interior e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica.

2. Os valores de recepción do ruído no ambiente exterior son os seguintes:

Z= Zonas de sensibilidade acústica.

(1) De 08.00 horas a 22.00 horas  $L_{pAeq}$ .

(2) De 22.00 horas a 08.00 horas  $L_{pAeq}$ .

Z	(1)	(2)
A	60	50
B	65	55
C	70	60
D/ Outras zonas específicas	75	65

Zona de servidume:

A zona de servidume sonora derivada da existencia ou previsión de focos emisores de ruído e/ou vibracións, como poden ser as infraestruturas viarias, as ferroviarias ou outros equipos públicos que o reclamen, será delimitada polo órgano administrativo competente.

A zona de servidume abranguerá o territorio do contorno do foco emisor e delimitarase nos puntos do territorio, ou curva isófona, onde se midan os valores guía de recepción no ambiente exterior que correspondan de acordo coas zonas de sensibilidade acústica.

No caso de que pola zona de sensibilidade acústica, A, transcorra unha autoestrada, a zona de servidume derivada desta comprenderá o territorio do contorno da autoestrada ata os puntos do espacio delimitado pola curva isófona 60 dB(A).

Excepcionalmente, poderá autorizarse unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos, nuns puntos determinados do termo municipal, atendendo eventos singulares programados, tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns.

3. Os valores de recepción do ruído no ambiente interior son os seguintes:

Z= Zonas de sensibilidade acústica.


(1) De 08.00 horas a 22.00 horas  $L_{pAeq}$ .

(2) De 22.00 horas a 08.00 horas  $L_{pAeq}$ .

Z	(1)	(2)
A	30	25
B	35	30
C, D	40	35

4. Los valores de recepción a las vibraciones en el ambiente interior son los siguientes:

Uso do recinto afectado	Período	Curva base
Sanitario	Diurno	1
	Nocturno	1
Residencial	Diurno	2
	Nocturno	1,4
Oficinas	Diurno	4
	Nocturno	4
Almacén e comercial	Diurno	8
	Nocturno	8



As curvas base son as da Fig. 5a. Vibracións en edificios, da norma ISO-2631-2.

5. Estas medicións realizaranse de acordo coas prescricións técnicas establecidas no regulamento.

Santiago de Compostela, de agosto de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

## CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

*Orde do 31 de xullo de 1997 pola que se crea a Comisión Técnica de Subministracións do Servizo Galego de Saúde.*

O Servizo Galego de Saúde vén desenvolvendo un traballo de organización dos seus servizos co obxecto de conseguir unha maior eficiencia no desenvolvemento das súas competencias.

Para isto preséntase o obxectivo de mellora-los mecanismos de adquisición, homologación, subministración, almacenamento e distribución dos produtos sanitarios e materiais utilizados nos seus centros, aproveitando as vantaxes económicas de escala que poidan presentarse.

Con tal fin, viñéronse desenvolvendo distintas actuacións nas que se contou coa participación de diversos centros e froito dos que se elaborou o manual de organización dos servizos de compras e aprovisionamentos do Sergas, así como a unificación de diversas familias de produtos nun catálogo único de produtos no organismo que continúa desenvolvéndose.

Por todo isto, considerando a conveniencia de dota-lo Sergas dun instrumento capaz de coordina-la actuación dos órganos implicados na execución das funcións mencionadas,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.—Crea-la Comisión Técnica de Subministracións do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 2º.—Establécense como funcións desta comisión:

a) A coordinación dos órganos competentes nos procedementos de contratación de subministracións.

b) Velar polo cumprimento da normativa reguladora da clasificación, ordenación e homologación dos produtos sanitarios.

c) Efectuar proposicións dirixidas á política de compras de subministracións de produtos sanitarios dos centros do Servizo Galego de Saúde.

d) Efectuar propostas para a adquisición agregada de produtos de utilización común.

e) Efectuar propostas de unificación da codificación de produtos polo Servizo Galego de Saúde co obxectivo de manter un catálogo de produtos para o organismo.

Artigo 3º.—A Comisión Técnica de Subministracións estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o subdirector xeral de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

Vocais: os responsables de compras e subministracións dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

Os responsables de compras e subministracións das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

Secretario: un funcionario do Servizo Galego de Saúde designado pola Dirección Xeral de Recursos Económicos.

O funcionamento desta Comisión Técnica de Subministracións poderá constituír subcomisións para o seu funcionamento cando así o considere conveniente.

### Disposicións derradeiras

Primeira.—Autorízase a Dirección Xeral de Recursos Económicos para dicta-las disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.